

Boletín do iLTIUS



Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Actividades e eventos


14/10/2025

A **Profa. Isabel Barros Dias** (Universidade Aberta, Portugal) ofrecerá a conferencia titulada *Texto e imaxe na Idade Media: o ms. 1 azul da Crónica de 1344, unha cartografía de alertas*, o martes, 14 de outubro, ás 11:00, no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía.

Especialista en literatura medieval e estudos comparados, Isabel Barros Dias é profesora catedrática da Universidade Aberta de Portugal e investigadora do Centro de Estudos Clásicos e Humanísticos da Universidade de Coimbra. Os seus traballos céntranse na relación entre texto e imaxe na cultura medieval e na tradición literaria galego-portuguesa.

A actividade está organizada polo grupo de investigación **GI-1350 Románicas** e recoñecida polo **Programa de Doutoramento en Estudos Medievais**.

Enderezo de contacto: esther.corral@usc.gal



17/10/2025

A **Profa. Maria Polinsky** (University of Maryland, Estados Unidos) ofrecerá unha conferencia titulada *Grammatical competition: Theoretical prerequisites and bilingual situations*, o venres 17 de outubro, ás 11:00 horas, na Sala Académica da Facultade de Filoloxía.

Maria Polinsky é profesora de Lingüística na University of Maryland, College Park, e codirectora de investigación no National Heritage Language Resource Center. A súa investigación céntrase na teoría sintáctica, nos universais lingüísticos e nas linguas de herdanza, con traballos sobre dependencias a longa distancia, estrutura da frase verbal, ou a ergatividade, así como sobre linguas do Cáucaso, austronesias e maias.

Esta conferencia está organizada polo **GI-1372 Gramática do Español**. Máis información:

<https://gramatica.usc.es/gl/events/74>

Enderezo de contacto: victoria.vazquez@usc.es



CONFERENCIA

Grammatical competition: Theoretical prerequisites and bilingual situations

Prof. Maria Polinsky

University of Maryland

17 de outubro, 11h

Facultade de Filoloxía, Sala académica



17/10/2025


A Dra. **Mily Crevels** (Universiteit Leiden) ofrecerá a conferencia titulada *El rompecabezas de la enorme diversidad lingüística en el área Guaporé-Mamoré y más allá* o venres, 17 de outubro de 2025, ás 12:00 horas, na Sala Académica da Facultade de Filoloxía.

A Dra. Crevels é investigadora no Leiden University Centre for Linguistics. A súa investigación céntrase na tipoloxía lingüística, as linguas nativas de América do Sur, a lingüística de contacto e as linguas en perigo de extinción, con especial atención á rexión Guaporé-Mamoré, unha das máis diversas lingüísticamente do mundo.

Esta conferencia está organizada polo **GI-1372 Gramática do Español**. Máis información:

<https://gramatica.usc.es/gl/events/75>

Enderezo de contacto: victoria.vazquez@usc.es



CONFERENCIA

El rompecabezas de la enorme diversidad lingüística en el área Guaporé-Mamoré y más allá

Dr. Mily Crevels

Universiteit Leiden

17 de outubro, 12h

Facultade de Filoloxía, Sala académica



O iLTIUS na prensa

7/10/2025

O Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC (iLTIUS), primeiro instituto de investigación de Galicia que abordará o continuo entre a lingua e a literatura, dende a perspectiva sincrónica e diacrónica, presentouse este martes 7 nun acto que tivo lugar na Facultade de Filoloxía. A sesión, presidida polo reitor Antonio López Díaz, serviu para dar conta de como os xa máis de 60 membros do Instituto abordarán “o complexo contexto histórico e socio-cultural no que se desenvolveron e transmitiron as linguas e os seus textos, orais e escritos, como patrimonio que debe ser transferido á sociedade actual para que reafirme a súa propia identidade, a través do coñecemento dos valores culturais do pasado”, explicou durante a súa intervención a directora comisaria, María José Alonso Veloso. Ademais da profesora Alonso Veloso, participaron no acto a vicerreitora de Política Científica, Pilar Bermejo Barrera, e o decano da Facultade de Filoloxía, Elías Feijó Torres.

Táboa redonda

Logo da apertura institucional, tivo lugar unha táboa redonda sobre o iLTIUS ante os desafíos da investigación lingüística e literaria na que interviñeron os investigadores José Virgilio García Trabazo, do Grupo CLASMED (Estudios Clásicos e Medievais); Ignacio Palacios Martínez, do Grupo LAEAITDT (Lingüística Aplicada ao Ensino e Aprendizaxe do inglés, Tradución e Deseño textual); e Pilar Lorenzo Gradín, do Grupo Quevedo (El Siglo de Quevedo). Moderou o debate Tamara Bouso Rivas, secretaria comisaria do iLTIUS, quen lembrou como “nun mundo marcado pola diversidade, a dixitalización e a transformación social, esta táboa redonda quere ser un espazo de reflexión crítica sobre o futuro das Humanidades, un punto de encontro para compartir ideas, metodoloxías e retos comúns entre disciplinas”.



FOTO: Santi Alvite

Posúen especial interese para o iLTIUS, continuou María José Alonso Veloso, as variedades lingüísticas e manifestacións literarias derivadas da expansión xeográfica de tres linguas globais: o español, o inglés e o portugués, “así como a súa convivencia e interacción en linguas e culturas minorizadas como a galega”. O iLTIUS desenvolverá unha axenda científica estruturada en cinco retos: linguaxe e cognición, competencia lingüística e comunicativa, patrimonio literario, tecnoloxías e diversidade.



FOTO: Santi Alvite

As intervencións das persoas participantes xiraron arredor de dous eixos argumentais. Por unha banda, as oportunidades de colaboración interdisciplinaria que abren os retos do iLTIUS con outros campos de coñecemento no futuro das Humanidades, o que implica abordar a posible intersección cos avances da Intelixencia Artificial no eido das Humanidades Dixitais; e pola outra, o posible impacto dos retos do iLTIUS na sociedade e nas políticas culturais, educativas e tecnolóxicas, con atención á transferencia do coñecemento e os resultados da investigación científica.

Pódese acceder á nova completa sobre o acto inaugural do iLTIUS no [Xornal da USC](#). Máis información sobre o acto ademais en [La Voz de Galicia](#) e [El Correo Gallego](#).

Contacto

Enderezo electrónico: iltius.xestion@usc.gal

Páxina web: [Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC \(iLTIUS\)](#)

Formulario de solicitude de difusión, dispoñible [aquí](#).

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC